

# METODOLOXÍA DIDÁCTICA DA IMPROVISACIÓN ORAL EN VERSO

## CADERNO DO PROFESORADO

"Para aqueles que aínda  
non son quen de regueifar  
deixo esta metodoloxía  
que seguro axudará"

(Marina Porto Crespo, *me fecit*)



Autora:  
Corrección lingüística  
e de estilo:  
Edita:

Marina Porto Crespo, baixo a dirección de ORAL de Galicia

Lorena Carrasco Joaquín  
SNL, Concello de Vigo

Vigo, marzo de 2011

## ÍNDICE

1.	LIMIAR .....	páx. 4
2.	OBXETIVOS XERAIS .....	páx. 4
3.	CONTIDOS .....	páx. 5
	PARTE TEÓRICA .....	páx. 5
	-Orixe e evolución da poesía oral improvisada ata a actualidade	
	-A improvisación oral no mundo	
	-O proceso de creación da poesía improvisada	
	-A literatura oral en Galicia	
	-Outras coplas populares galegas	
	-Manifestacións populares de carácter oral e improvisado	
	-Concomitancias das improvisacións orais galegas con outras formas actuais de carácter urbano	
	-Novos formatos para divulgar a poesía oral	
	-Importancia da ambientación para incrementar o interese polas actividades	
	PARTE METODOLÓXICA .....	páx. 20
	1. INTRODUCCIÓN .....	páx. 20
	2. ACTIVIDADES .....	páx. 22
	A.          XOGOS CON PALABRAS	
	B.          XOGOS CON VERSOS E POEMAS	
	C.          XOGOS DE IMPROVISACIÓN	
	D.          EXERCICIOS CON RECURSOS LITERARIOS	
	E.          CUARTETAS DIDÁCTICAS	
	F.          CREACIÓN DE CUARTETAS	
	G.          ACTIVIDADES PARA MELLORAR A COMUNICACIÓN VERBAL/ORAL	
	4. QUEREMOS SABER MÁIS .....	páx. 42
	Quen é quen?	
	Debuxando un regueifeiro	
	Quen cho contou?	
	Anexos	
	5. CONCLUSIÓNS .....	páx. 45
	6. ANEXOS .....	páx. 46
	ALGUNHAS REGUEIFAS E UN DESAFÍO	
	7. BIBLIOGRAFÍA .....	páx. 49

## 1. LIMIAR

Comezo este limiar facendo referencia a dúas cuestións que estiveron presentes no meu maxín ao longo da elaboración desta metodoloxía.

En primeiro lugar, xorde a curiosidade de por que neste intre hai un interese crecente pola recuperación da cultura popular e por todo o relacionado con ela; e por outro, se era preciso unha metodoloxía didáctica para aprender a improvisar en verso, se iso non era algo innato.

A improvisación oral en verso, é dicir, as regueifas, como toda arte de improvisar, precisa dunhas habilidades innatas, mais isto nos se pode traducir como imposibilidade de ensinanza, senón que se trata simplemente de ensinar a técnica.

Ademais, ensinar a regueifa, as súas técnicas, os seus recursos, os seus mecanismos e modos de creación, non só dará como resultado a aparición de novos improvisadores, senón que irá creando dende a base un público potencial, coñecedor e admirador desta arte.

É necesario prodigar a participación de mozos e mozas na poesía oral improvisada, para así abriremos camiños a esta importante veta da cultura tradicional entre a mocidade, tan inmersa e influenciada polas culturas "modernas", alleas ao noso. Se queremos seguir mantendo viva a regueifa, a base está en facela viva nas novas xeracións.

Queremos deixar claro que esta metodoloxía non é para formar improvisadores, senón para ensinar a copla, a quarteta, os mecanismos da poesía oral improvisada; ou o que é o mesmo, para dominar a parte técnica. Despois, se de aquí sae un regueifeiro, un poeta, un improvisador, sería todo un éxito!

## 2. OBXECTIVOS XERAIS

- Dar a coñecer a poesía oral improvisada en verso.
- Intentar no posible espertar o interese pola práctica desta técnica que forma parte inherente do noso acervo cultural.
- Conseguir que ao remate desta metodoloxía os seus lectores e lectoras sexan capaces de facer unha improvisación en verso.
- Aumentar as nosas competencias persoais, e no caso dos escolares, entroncalos cos obxectivos do DCB<sup>1</sup> (Deseño Curricular Base) tanto de primaria como de secundaria:

---

<sup>1</sup> Lembramos que o DCB é o primeiro nivel de concrección curricular. É proposto polo Ministerio de Educación de forma aberta e flexible para todo o territorio nacional. Marca, pois, os mínimos educativos comúns para todo o alumnado. O resto dos contidos queda en mans das diferentes autonomías.

- fomento das actitudes e competencias para a improvisación;
- aumento da autoconfianza;
- fomento da actitude creativa;
- desenvolvemento da memoria;
- desenvolvemento dinámico da personalidade.
- Aumentar a competencia lingüística e escénica:
  - formación en recursos para a expresión oral;
  - formación na dimensión lúdica da lingua.
- Aumentar a competencia musical.
- Vincular o alumno e alumna co seu patrimonio cultural.
- Tomar conciencia do acervo cultural dos nosos devanceiros, xa que a recuperación e a potenciación dos nosos valores propios é algo indiscutible, porque o pobo que non respecta e coida os seus valores non se respecta a si mesmo.
- Por último, pero non por iso menos importante: **divertirnos**, porque ante todo as regueifas son unhas das expresión máis **lúdicas** e enxebres do noso patrimonio antropolóxico e cultural.

### 3. CONTIDOS

Dividiremos os contidos en dúas partes:

- A. Parte teórica
- B. Parte práctica ou metodolóxica

#### A. PARTE TEÓRICA

Antes de pasar á parte central do traballo, a metodoloxía, sería pertinente ter primeiro unhas nocións básicas sobre a poesía popular, a súa orixe, o fenómeno das improvisacións poéticas, da oralidade etc., para achegarnos así dunha forma máis consciente ao mundo das regueifas.

#### ORIXE E EVOLUCIÓN DA POESÍA ORAL IMPROVISADA ATA A ACTUALIDADE

Para comezar este apartado de breve recensión histórica é preciso recordar a John H. McDowell, que dixo: "A poesía oral é a primeira entre as xoias producidas polo espírito humano."

---

Nel especificáanse as intencións educativas. Fai referencia, por tanto, aos contidos que se deben ensinar.

Todos estes obxectivos e contidos concretaranse nos distintos PCC (proxectos curriculares de centro) que cada centro escolar adaptará ás súas características e idiosincrasia particular.

A improvisación poética é unha "necesidade natural" do ser humano; unha necesidade que perdurou durante os tempos e que marcou o desenvolvemento cultural. Este desenvolvemento da poesía improvisada foi desigual nas distintas partes do mundo, pero mantivo a mesma esencia ou necesidade natural que a definiron dende o principio: **a de expresar de forma instantánea as necesidades ou a de criticar as faltas dos homes da forma máis poética e atractiva posible.**

Con respecto a Galicia, a **orixe das regueifas** e de toda a poesía improvisada vén dada por un lado:

-da tradición autóctona das cantigas de amigo, que están vinculadas ás kharxas (das que colleu a parte máis desenfadada e picante), polo que recibe unha influencia mozárabe;

-das cantigas de escarnio, que á súa vez se poden vincular coa poesía dos goliardos europeos (Carmina Burana), e co subxénero das cantigas de escarnio das tenzóns.



Cómpre dicir tamén que todas estas manifestacións forman parte do acervo do mundo rural e do seu ocio, e como consecuencia disto a evolución desta arte, como é natural, vai parella á evolución e transformación que este ámbito rural sufriu nos últimos tempos. En Galicia, en só dúas ou tres xeracións, moitos costumes que se tiñan como propios do país, e que posuían centos de anos de antigüidade, abandonáronse entre finais do século XIX e os dous primeiros terzos do XX ante os ollos dos que os consideraban como algo valioso e útil, como algo propio da sociedade en que vivían.

Un dos aspectos nos que máis se notou o cambio da nosa sociedade rural foi no xeito de se divertir a xente: o lecer, as celebracións, as festas etc. teñen hoxe unha traza moi diferente da que tiñan hai relativamente poucos anos, e a maior parte dos divertimentos da mocidade de entón nada ten que ver co de hoxe en día. Daquela, a voz, o enxeño, a memoria, a ocorrencia de cada cantador e mais a graza e xeito dos bailadores dábanlle á festa colorido e vivacidade. Ademais, predominaba o ton humorístico e burlesco (cantigas de escarnio), con frecuencia atrevido pero case sempre de baixa agresividade.

Desta maneira, o canto improvisado, isto é, inventar cantigas conforme se vai cantando, foi tradicionalmente en moitas zonas da nosa terra unha forma de arte oral, e tamén

musical, que servía para animar as reunións festivas, para entreter e divertir e para que algún destes "artistas" demostrase os seus dotes para cantar e inventar ao mesmo tempo.

Non quero rematar este apartado sen facer referencia a Antón Santamaría, que afirma que **"unha tradición para que exista ten que ser usada, e se é usada é susceptible de cambio"**. Por iso, toda a evolución que sofren os cantares de desafío é lóxica dende este punto de vista, porque se é unha tradición que está viva e se segue usando como parte do noso lecer, é evidente que ten que cambiar, xa que esta sociedade non é a de antes, nin tampouco as circunstancias socioculturais son as mesmas.


## A IMPROVISACIÓN ORAL NO MUNDO

A improvisación oral non é un fenómeno exclusivo de Galicia, senón que afondando un pouco decatáronos de que está presente, coas características propias de cada lugar, na maior parte do mundo, e que a súa orixe pérdese na noite dos tempos.

Como dicía un vello proverbio grego : "Non hai nada novo baixo o Sol, pero cantas cousas velhas hai que non coñecemos aínda."

### Mapa holístico e de cosmovisión

A oralidade improvisada é tan antiga como as primeiras civilizacións. Os encontros e intercambios culturais entre os pobos propiciaron unha expansión a nivel global desa forma de expresión.



O fenómeno da improvisación oral atopámolo, como vemos no mapa, en **América Central**, en **Suramérica**, en **Groenlandia**, en **Asia**, no **norte de África**, no **sur de Europa**, e, como xa sabemos, na **península ibérica**.

En **América central** está presente, entre outros, en países como Panamá, Colombia, Venezuela e Cuba. En **Panamá** a poesía improvisada recibe o nome de *trova* e os improvisadores, o de *trovadores*; en **Colombia** e en **Venezuela** chámase *trovo*, e *trovero* ou *trovador* son os artífices do trovo. Destacamos especialmente o caso de **Cuba**, a onde as illas Canarias levaron a décima musicada, que aínda hoxe empregan na arte que chaman *repentismo* (os improvisadores son os *repentistas*). Hai en Cuba unha grande inquietude

por este tema e están a levar a cabo un gran labor de investigación e educación, como demostra o elevado número de escolas de improvisación que existen.

De **Suramérica** podemos citar os países de **Brasil** e **Chile**. No primeiro a poesía oral (en portugués) coñécese como *versos do momento* ou *paíadas*, mentres que os improvisadores son os *violeiros* ou *poetas da bancada*. En **Chile** temos a *paía*, e o improvisador é coñecido como *paíador*.

No **norte de África** topamos poesía oral improvisada no deserto do Sahara, nas Azores, en Cabo Verde e en Mauritania, pero nós destacaremos o caso de **Canarias**, onde o nome que recibe xa coñecemos: *repentismo*; non obstante, os improvisadores non son repentistas, senón *versadores*, *versiadores* ou *verseadores*.

Na **península ibérica**, ademais das regueifas galegas, existe o *bertsolarismo* (en éuscaro) e os *bertsolaris*, en **Euskal Herria**; e no **norte de Portugal** temos os *cantares ao desafío*, cuxos autores son os *trovadores*, que loxicamente utilizan o portugués. Pero tamén topamos poesía oral improvisada en Cataluña, na Alpuxarra, en Murcia e nas illas Baleares.

## O PROCESO DE CREACIÓN DA POESÍA IMPROVISADA

Improvisar é un verbo cun marcado acento pexorativo. Improvisa quen non foi capaz de planificar e organizar previamente, e cuxo resultado é sempre "algo imperfecto". Pero ten tamén un carácter positivo, no sentido de que foi quen a arranxar un problema sobre a marcha debido ao seu talento.

No noso caso a improvisación non ten que ver nin co máis positivo ni co máis negativo do concepto. O improvisador non improvisa por falta de capacidade nin de planificación, nin tampouco é unha persoa talentosa en extremo, senón que a improvisación é unha forma de expresar as súas ideas e sentimentos. E non esquezamos que improvisar, para o improvisador, é un acto moi planificado: "Ha de realizar unha *performance* nun sentido primixenio, é dicir, a acción complexa pola que unha mensaxe poética é simultaneamente transmitida e percibida aquí e agora." (Zumthor)

En canto á estrutura, as improvisacións constan normalmente de:

- saúdo a concorrencia;
- agradecemento aos organizadores;
- satisfacción por participar no evento;
- eloxio ao lugar no que están.

E ata aquí a improvisación pode funcionar. A partir de entón, as coplas xa non serán sucesións dun mesmo pensamento, senón réplica constante, controversia pura: unha copla contra outra copla. E o final resultará impredicible no tempo e na arte.



Se falamos da dificultade, esta non está en cingirse a unha determinada métrica (catro versos octosílabos), nin ás restricións formais impostas pola copla, xa que esas as ten o improvisador asimiladas de tal forma que en vez de dificultar, facilitan (paradoxicamente, non serían capaces de facelo en prosa). A dificultade maior está nas restricións temporais, xa que o improvisador ten pouco tempo para comezar a improvisación e unha vez que comeza participa nun acto que debe fluír sen se deter. Un non pode parar, ten que seguir.

Hai que distinguir aquí a poesía improvisada da "tradicional", a que vive na tradición popular, anónima e colectiva e que posúe outro grao de linguaxe poética. A poesía improvisada pertence ao nivel da produción (primeira fase das cinco que distingue Zumthor no proceso da poesía oral e que van dende a creación ata a reprodución: produción, transmisión, recepción, conservación e repetición) e ao produto inmediato e persoal dun poeta concreto que actúa nun escenario ou que improvisa na intimidade, onde cada un ten o seu estilo.

Pero aínda así pódese falar de dous tipos xerais de poetas, e polo tanto de dous tipos de poesías:

- Os que producen unha poesía "sen acomodarse", sen pensar; é a linguaxe da tradición.
- Os que fan poesía de autor, co gusto popular.

## A LITERATURA ORAL EN GALICIA

O **ámbito rural** é o **símbolo da cultura oral**, xa que as xentes do rural, en gran medida, non sabían ler nin escribir. Habería que agardar a finais do XIX para asistir á proliferación das escolas rurais.

Por este motivo todos os coñecementos transmitíanse de pais a fillos de viva voz, dende o que está ben ou mal ata os coñecementos primarios da súas vidas cotiás. Grazas a isto pervive hoxe un extenso refraneiro, un importante cancionero e un gran romanceiro.

A tradición oral é unha oralidade en acción, a través da cal a mocidade aprende das xeracións anteriores, pero isto xa non acontece, de aí a necesidade de elaborar metodoloxías coma esta de improvisación en verso, porque os máis novos xa case non teñen modelos dos que poidan aprender e imitar.

As características básicas da literatura popular de tradición oral son:

1. Execución e transmisión oral.
2. Variabilidade: non hai dúas execucións iguais dunha mesma peza
3. Aceptación colectiva.

4. É un elemento funcional dentro do grupo social: cando perde as súas funcións termina por desaparecer, deixa de empregarse.
5. O nome do autor carece de relevancia.

Os escenarios en que se desenvolvía esta literatura popular eran a eira, o campo da festa, o adro da igrexa, o alpendre etc. As situacións eran moi diversas e case sempre coincidentes cunha festa (relixiosa, profana, familiar etc.) aínda que tamén había situación non festivas, pero si relacionadas co lecer. Entre estas destacaron:

- As tabernas, que foi o escenario masculino por excelencia, onde se xuntaban os amigos e se cantaba e contaba o que noutros escenarios se silenciaba ou suavizaba, xa que nestes lugares se gozaba dunha maior liberdade.
- Polos camiños cantaban os arrieiros.
- Nos fiadeiros, que foron grandes viveiros de cantigas.
- As ruadas<sup>2</sup>.
- As regueifas: onde se inventaron e espallaron centos de cantigas en galego.

As producións da literatura oral transmitíanse seguindo un dobre proceso:

- 1) Invención ou adaptación para cada ocasión seguindo un patrón común.
- 2) Selección das mellores pezas e máis oportunas que os participantes memorizaban para cando tivesen ocasión de lucir unha nova peza.

E podía gozarse dun amplo repertorio de cancións:

- De carácter relixioso ou profano en: romarías, entroido, Reis Magos, os Maios, Semana Santa etc.
- De carácter comunal (en distintas tarefas agrícolas): labranza, malla, esfolladas, moiñadas, seráns, cornetadas etc.
- En ámbitos familiares: vodas (regueifas), bautizos etc.

No momento en que estas pezas, de orixe oral, fíxanse coa escritura, pérdense uns dos parámetros fundamentais da oralidade, como a variabilidade, e certos elementos propios da *performance* oral, como a entoación, a calidade e inflexión da voz, a graza da interpretación, a reacción e intervención dos oíntes e o ambiente en xeral. A literatura oral popular, como acto de fala, queda así profundamente modificada, e permanece, claro, fixada, reducida e, fundamentalmente, descontextualizada, pero apta para unha conservación e transmisión indefinidas, co que se converte en sinal da identidade colectiva.

---

<sup>2</sup> Festas sinxelas "pobres", sen gaitero, nas que o canto e o baile se acompañaban cun modesto pandeiro e con cunchas e ferreñas.

## OUTRAS COPLAS POPULARES GALEGAS

A desaparición da poesía medieval trovadoresca e a escasa influencia das correntes renacentistas non permitiu o cultivo e desenvolvemento dunha literatura culta. Non obstante, a vontade creadora do pobo deixou unha **literatura de carácter oral** moi rica, nas súas formas máis variadas:

Romances  
Cantares de cego  
Paxoliñas  
Cantares de Reis ou xaneiras

## LITERATURA POPULAR

É moi rico o folclore de Nadal (paxoliñas e cancións de Ano Novo e Reis), pero outros xéneros literarios de tipo tradicional serían :

- as **cantigas de traballo**, ou sexa, as relacionadas cos labores agrícolas, como: esfolladas<sup>3</sup>, sega, malladas<sup>4</sup>, vendima etc.;
- as **cantigas de berce**;
- as **cantigas de cego**;
- os **bailes**;
- os **alalás**;
- cancións de San Xoán**;
- lendas** (mouros, fadas maravilosas, moradores dos castros, tesouros etc.)
- narracións** referidas a contos maravillosos (bruxas, lobishomes, de aparecidos, do demo etc.).

## POESÍA CULTA E DE CIRCUNSTANCIAS

Na escasa poesía culta que se conserva destacan:

- Sonetos renacentistas do século XVI
- Poesía barroca

---

<sup>3</sup> Esfollada é a reunión de varias persoas para levaren a cabo, precisamente, a esfollada das mazorcas de millo.

<sup>4</sup> A malla é outra faena agrícola na que interveñen varias persoas na limpeza do trigo e centeo, fundamentalmente.

## MAPA CONCEPTUAL

Despois de falar da literatura oral galega, das cantigas tradicionais etc. quero rematar cun mapa conceptual que abrangue os distintos tipos de cantos e cancións tradicionais galegos<sup>5</sup>.



Mapa conceptual da música galega

### A. ALALÁS B. CANTOS

#### DE VODA

- Loias
- Regueifas

#### DIALOGADOS

- De desafío
- Enchoiada
- Regueifa
- Parrafeo

#### GREMIAIS

- De arriero
  - De canteiro
  - De panadeiro

#### FESTAS POPULARES

- Entroido
- Maíos
- San Xoán

#### INFANTÍS

- De berce

- a. Arrolo
- b. Arronrón

- Xogo
- #### DE LECER

<sup>5</sup> Este mapa conceptual está tirado do traballo de fin de carreira de Olga M. Camafeita Longa: *A música popular en Galicia*.

- De camiño
- Ramboia
- Panadeiro
- Pandeirada
- Pandereitada

### NARRATIVOS

- Cego
- Canto enumerativo
- Romance

### RELIXIOSOS

- De Nadal

a. Aguinaldo

b. De aninovo:

- Aninovo
- Manueles
- Xaneiras

- De *pasión*
- De Reis
- De despedida
- De panxoliñas
- De vilancicos

### DE TRABALLO

- Das arrincadas
- De colleita: vendima
- De espadelada
- De fiadas
- De labradas
- De malla
- Muiñada
- De sega ou seitura

## C. CANTOS DE RITMO DE BAILE

- Agarrados
- Solto

## MANIFESTACIÓNS POPULARES DE CARÁCTER ORAL E IMPROVISADO

Pódense subdividir claramente en:

**As regueifas** (coas súas variantes, brindes, loias etc.)

**A enchoiada**

**Outras manifestacións de carácter improvisado** (cornetadas, maios etc.)

Cabe facer primeiro un pequeno apuntamento sobre os **cantares de desafío**, xa que as regueifas e as enchoiadas estarían incluídas dentro deles.

## CANTARES DE DESAFÍO (OU PORFÍAS VERBAIS)

Son competicións cantadas entre dous ou máis improvisadores que se facían nalgúns comarcas ante un público que adoitaba participar nelas. Era un dos espectáculos populares por excelencia.

As situacións concretas das cantigas de desafío eran variadas, pero todas pertencían ao ámbito da festa.

Case sempre que un cantador ou cantadora botaba unha cantiga, obtiña unha ou máis respostas dos outros, que debía volver responder; é dicir, era como unha conversación cantada. Do simple diálogo era doado e frecuente pasar a unha discusión cantada, a unha porfía verbal entre os participantes, o que daba aínda máis dinamismo a unha xuntanza.

Entre os distintos tipos de cantares de desafío **non improvisados** destaca O PARRAFEO, que é representación dunha porfía cantada, normalmente entre un mozo e unha moza, pero non improvisada no momento, senón aprendida de memoria previamente. Consiste nun conxunto de coplas máis ou menos coñecidas polo público, pois o mesmo parrafeo, con lixeiras variantes, pódese cantar en varios lugares diferentes e distantes entre si, o que indica que, unha vez aprendido, se repite e apenas se improvisa xa.

A continuación pasarei a explicar brevemente a orixe e as características de cada unha das manifestacións populares de carácter oral e **improvisado**:

### A ENCHOIADA

É unha especie de diálogo sostido xeralmente por un mozo e unha moza que, en quendas, **cantan coplas improvisadas** para demostrar quen ten máis enxeño. Son loitas de amor, de cortesía e de agudeza e cantábanse coa melodía do alalás. Estiveron moi espalladas por toda Galicia (ás veces con outros nomes) e aparecen en todos os cancioneros galegos.

### AS REGUEIFAS

A **regueifa** tivo gran difusión no século XVIII, pero é no XIX e XX cando toma pulo. Trátase da forma máis especializada, máis agresiva e, quizais, máis coñecida dos cantares de desafíos galegos. Segundo as zonas denomínase de diferente forma:

Na Coruña → **regueifa**

En Lugo → **brindo ou loia**

En Ourense → **fistores**

Na meirande parte das zonas en que se cantaba regueifa, esta ligábase á celebración do casamento. A palabra regueifa é de orixe árabe e a Real Academia Galega defínea como:

- “Pan de voda, especie de doce en forma de rosca, feito con fariña fina de trigo, ovos manteiga, azucre e canela, e enfeitado con fitas de cores, caramelos etc.”
- “Cantares improvisados, ao desafío, con que os asistentes á voda se disputan o reparto da regueifa.”
- “Danza que os noivos executan, levando a noiva a regueifa sobre a cabeza.”

É de aí, dese bolo que se entregaba como agasallo aos que acudían á voda, de onde tomou o nome de regueifa, así como dos cantares que se botaban nesa ocasión, isto é, os cantos da regueifa, o cantar que se premiaba cunha regueifa. Este é hoxe o significado máis corrente.

A regueifa perdurou durante moito tempo, entre outros motivos porque:

- ademais de **divertir**, o canto da regueifa tiña un **carácter de competición** parecido ao que hoxe ten para nós o deporte;
- permitía **facer críticas a persoas, institucións e localidades**;
- tiña, como consecuencia do anterior, **unha función social** e antropolóxica primordial: regular e **canalizar a agresividade** e frustracións tanto colectivas como persoais; era, pois, a vítima expiatoria sobre a que se descargaba toda esa tensión e rabia interna acumuladas.

## OS BRINDOS

Os brindos, tamén coñecidos como **berindos ou birindos**, son **cantares improvisados de voda** que ata non hai moito tempo constituían unha das manifestacións musicais máis orixinais da nosa terra. Eran un tipo de cantiga de divertimento, cantos de desafío improvisados e en verso.

## OS FISTORES

Era así como se denominaban os improvisadores de versos que existiron na Galicia rural do sur de Ourense hai trinta ou corenta anos, e que tiñan características similares ao resto dos cantores de desafío.

### **Calidades dun bo regueifeiro**

Non resulta nada fácil cantar unha regueifa. As características máis salientables son:

- Posuír unha ampla bagaxe de vocabulario en galego.
- Saber distinguir que palabras son graciosas, cales ofensivas e sempre cales son axeitadas para cada caso.
- Inventar en poucos segundos unha frase ben cadrada.
- Dar unha resposta axeitada nunha situación de tensión para quedar por debaixo do contrario diante de moita xente.

- Medir as frases cadrándoas.
- Ter graza e humor, ademais de certa retranca.
- Ter temperamento para levar a discusión sen incomodarse el e o público.

Podemos entón concluír que as claves da regueifa son, entre outras: rapidez, espontaneidade e enxeño.

### **Estrutura formal da regueifa**

A forma métrica máis común utilizada nas regueifas era e segue sendo a quarteta ou copla, que consiste en:

- estrofas de catro versos;
- con rima nos pares (asoante ou consoante) e soltos os impares;
- predominio dos versos octosílabos;
- a capela, é dicir, sen acompañamento musical.

En xeral, presentan unha **certa anarquía métrica**, que queda moi atenuada pola presenza dos versos octosilábicos.

En menor cantidade aparecen outras rimas métricas, como o terceto.

**Exemplo:**

Si te vas a romería  
Tan solo para bailar  
Ten cuidadiño ao dar as voltas  
Non des ti que falar

Si queres boa vara,  
Vaina buscar ao salgueiro;  
Si queres boa moza  
Chíscalle o ollo primeiro

### **Mecánica da regueifa**

Normalmente as regueifas seguían o seguinte esquema:

1. Breve saúdo ao público e ás autoridades.
2. Entran, a continuación, no desafío dialéctico no que un ataca verbalmente o outro, e o outro á súa vez deféndese, constrúe a súa estrofa para atacar o seu contrincante, e así sucesivamente.
3. O remate:  
Antes: cando os regueifeiros estaban totalmente cansos, xa que unha boa pofía podía durar incluso un día.  
Agora: cando se esgota o tempo pactado previamente.

### **Modalidades da regueifa**

Hai dous tipos de dicir a regueifa:



- Cantada: é a forma máis habitual.
- Rezada: practícase a modo de conversación apoiada por unha compoñente xestual importante.

### Temática

Os temas que trataban habitualmente son:

- a vida persoal de ambos os dous contrincantes;
- o que acontecía na sala ou no sitio onde estaban;
- o público;
- calquera suceso de interese xeral que se coñecese neses momentos.

## CONCOMITANCIAS DAS IMPROVISACIÓNS ORAIS GALEGAS CON OUTRAS FORMAS ACTUAIS DE CARÁCTER URBANO

As regueifas galegas teñen unha conexión ben visible coa cultura urbana do *hip-hop*, que xurdiu en Nova York alá polo ano 1979 e que ten tres tipos principais de manifestacións culturais: (*break dance, graffiti e rap*)

### O RAP

Quero empezar este apartado recollendo as palabras que pronunciou un rapeiro nun certame de rap denominado Pelexas de Galos: "Muitos cantan, algúns riman, só os mellores *improvisan*."

Tanto o *hip-hop* como as regueifas xorden fundamentalmente co propósito de **denuncia social**; claro que en espazos temporais e socioculturais distintos: un en Nova York, como dixen antes, e outro no rural galego.

Aínda que o *rap* e as regueifas teñen, naturalmente, características idiosincrásicas distintas (un pertence a unha contorna urbana, da rúa, e outro, ao rural), podemos dicir que posúen unha serie de **concomitancias** que os asemella bastante. Entre elas destacan:

- Son improvisacións orais, este é quizais o paralelismo máis evidente.
- Proveñen de extractos sociais desfavorecidos:
  - o rap dos barrios pobres do Bronx neoiorquino;
  - a regueifa do rural "pobre" galego.
- Carácter contestatario e de denuncia das inxustizas e desigualdades sociais.
- Mesma función social: canalizar a agresividade latente, servir de vítima expiatoria da frustración, tanto individual como colectiva.
- Relatan a realidade que lles toca vivir.
- É moi importante a forza da palabra e da memoria.
- Tratan temas universais.

- Empregan o humor e a ironía nas improvisacións.
- O rap baséase nun xogo de "réplicas contra réplicas", as regueifas son "cantares de desafío", polo que presentan a mesma esencia e dinámica.
- Utilizan os espazos públicos como territorio lexítimo para as expresións culturais.
- Son elaborados *ad hoc*, é dicir, para ese momento e ese auditorio.

Nada mellor que as palabras do rapeiro Mucho Muchacho, do grupo barcelonés 7 Notas 7 Colores, condo lle preguntaron por que non transcribía as súas letras no libreto dos discos: "Qué va, no merece la pena. Si no escuchas lo que digo con el ritmo que lo acompaña, puedes entender cosas que no quiero decir. Quien quiera saber lo que digo, que lo escuche..."

Isto mesmo é válido para as regueifas: fóra do contexto en que foron elaboradas non teñen o mesmo significado.

## NOVOS FORMATOS PARA DIVULGAR A POESÍA ORAL

**Revistas.** Entre as distintas revistas que van xurdindo sobre a oralidade destacan: *O Pazo das Musas, A Voz dos Carraos, Voz ao Vento, Fiar no Tempo.*

**Polafías.** Son un proxecto da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG). A palabra *polafía* é un neoloxismo referido ás reunións ou veladas de carácter festivo con contidos literarios e musicais e ten por obxectivo poñer en valor e rescatar do esquecemento o patrimonio oral.

## IMPORTANCIA DA AMBIENTACIÓN PARA INCREMENTAR O INTERESE POLAS ACTIVIDADES

Como remate destes contidos teóricos, imos deixar constancia dunha serie de pasos para termos en conta á hora de realizar os distintos obradoiros de regueifas.


O que faremos ao longo deste traballo é, sobre todo, aprender a xogar cun mundo marabilloso, que son as improvisacións poéticas, e para iso nada mellor que comezar cunha boa ambientación do lugar onde imos facer os obradoiros. Isto axudará a aumentar o interese e a motivación.

Encher as paredes da aula de información sobre as regueifas, de fotos de regueifeiros ou de carteis vistosos que conteñan regueifas dos nosos regueifeiros históricos e dos que permanecen aínda en activo é sempre algo moi motivador. Outra opción sería destinar un recuncho da aula á información sobre o noso patrimonio inmaterial, sobre a cultura popular etc. E por suposto habilitar unha zona que resalte as regueifas que imos creando (sempre gusta ver as nosas creacións), ou as que fan noutros obradoiros ou escolas.

Non estaría demais, en determinados momentos, acompañar todo isto cun pouco de música.

Imitando a experiencia dalgunha que outra escola, podemos debuxar unha árbore que teña follas frondosas, e en cada unha desas follas escribir unha regueifa. Converter a parede nunha fraga poética, de regueifas, sería un bo exercicio. Ou tamén podemos debuxar unha enorme fogueira que pegaremos na parede. Podemos dicirlles aos alumnos e alumnas que esa fogueira non se pode apagar, e que terán que pegarlle regueifas que aviven o lume, porque é a única maneira de non se extinguir.

En definitiva, o que pretendemos é crear un ambiente físico que favoreza a creación de improvisacións.



Ao mesmo tempo podemos dar outros pasos:

- Aproveitar o rico legado da literatura popular (trabalinguas, adiviñas, cantigas de roda, de berce etc.).
- Poñer os nosos alumnos e alumnas en contacto con poetas clásicos da poesía galega.
- Ler e mostrarlles regueifas de compañeiros feitas noutros centros ou obradoiros.

## B. PARTE METODOLÓXICA

### 1. INTRODUCCIÓN

Moitas veces tanto os rapaces como os adultos quéixanse de que as regras métricas para as coplas ou quartetas son moi estritas (perfección métrica, os versos teñen que ser octosílabos). Pero podemos salvar o escollo dicindo que todo ten normas, que o fútbol, por exemplo, tamén ten unhas regras moi estritas.

Para construír coplas, quartetas, independentemente do contido, existen diferentes **aspectos formais** que hai que ter en conta:


**Ritmo** (tonadas e melodías)

**Métrica**

**Rima**

#### O RITMO (elixir a melodía)

A melodía debe adaptarse ao tema dado. Non é o mesmo que o tema sexa de tipo panexérico (loa aos presentes), que para recordar algún amigo falecido; nin é a mesma a melodía para unha improvisación dun tema alegre que para a improvisación dun tema triste.



Por norma xeral, a unha nota da melodía correspóndelle unha sílaba.

Pero ás veces, esa regra non se respecta, para darlle máis beleza musical aos versos.

Para que a letra e a música encaixen permítense certas licenzas, entre elas:

- Suprimir unha sílaba a principio ou final de palabra.
- Engadir unha sílaba ao final da palabra para que rime.

O verso, pois, caracterízase por certos efectos rítmicos. O ritmo consiste na repetición dun determinado fenómeno a intervalos de tempos iguais, e prodúcese pola repetición:

- do mesmo número de sílabas en cada verso: no noso caso, octosílabos;
- da rima: asoante ou consoante;
- das pausas que seguen a cada verso;
- do acento, que por forza ha de caer na penúltima sílaba.

Ritmo, por tanto, é o uso do acento e da métrica para crear musicalidade nun poema, e para obter o ritmo o elemento determinante é o acento. O acento produce o efecto de elevar o ton das sílabas sobre as que recae. Este efecto, repetido a intervalos máis ou menos regulares impón un **RITMO: ALTObaixoALTObaixo**.

**Exemplo:** os filliños do ferreiro (8)  
Pequeniños coma ratos (8)  
osfiLLIñosdofeRREIro  
PequeNIÑosCOmaRATos

As regueifas teñen un ritmo libre, lento e repetitivo para dar tempo a improvisar as coplas e melodías.

De todas formas hai que dicir que para que todo isto sexa máis doado, os regueifeiros que están actualmente en activo adoitan empregar case sempre o mesmo esquema rítmico, que sería o seguinte: TARA RIRO RIRO RIRO  
TARA RIRO RIRO RARO

Deste xeito é moitísimo máis fácil encontrar o ritmo nos versos e facer quartetas, xa que a cada verso lle podemos aplicar este esquema.

Empregando o exemplo anterior quedaríanos:

TA	RA	RI	RO	RI	RO	RI	RO
OS	FI	LLI	ÑOS	DO	FE	RREI	RO
TA	RA	RI	RO	RI	RO	RA	RO
PE	QUE	NI	ÑOS	CO	MA	RA	TOS

## A MÉTRICA

Constitúe o conxunto de sílabas. É unha das facetas que maior quebracabezas supón para o improvisador, xa que mentres o ritmo e a rima son cuestións de máximos ou mínimos (pódese cantar e rimar mal, ben ou regular), a métrica non acepta ningún tipo de escalas: mídese ben ou mídese mal.

## A RIMA

O improvisador intenta escoller adecuadamente a **PALABRA-RIMA**, coa cal ha de concluír o seu discurso.

É importante ter en conta que o regueifeiro nunca di o que quere dicir senón o que a métrica e a palabra-rima que ten almacenadas lle permiten.

## Elaboración do contido

Só diremos que canto máis imaxinativo e rápido sexa o regueifeiro mellor será o contido do verso. Ao longo da improvisación o regueifeiro emprega as técnicas retóricas caracterizadas, neste caso, pola rapidez na súa utilización.

## 2. ACTIVIDADES

**1. Actividades de coñecementos previos.** Son a base sobre a cal se asentán as posteriores. Con elas adentrarémonos na poesía e na creación poética e trataremos de espertar o gusto por este mundo e que os rapaces e rapazas non lle teñan medo a improvisar e a crear.

- A. XOGOS CON PALABRAS**
- B. XOGOS CON VERSOS E POEMAS**
- C. XOGOS DE IMPROVISACIÓN**
- D. EXERCICIOS CON RECURSOS LITERARIOS**

**2. Actividades de desenvolvemento.** Unha vez que dominamos as actividades de coñecementos previos xa estamos en disposición de pasar á seguinte fase:

### **E. CUARTETAS DIDÁCTICAS**

Con elas trataremos de que se domine a rima, o cómputo silábico, as licenzas métricas etc., fundamentais para as posteriores actividades. O dominio destes elementos, ademais, supón a base das improvisacións.

**3. Actividades de consolidación de coñecementos.** Serían o compendio de todas as actividades anteriores e o punto final a onde queremos chegar.

### **F. CREACIÓN DE CUARTETAS**

**4. Actividades de ampliación.** Son actividades para ampliar os nosos coñecementos sobre o tema:

- Quen é quen?**
- Debuxando un regueifeiro**
- Quen cho contou?**

### **G. ACTIVIDADES PARA MELLORAR A COMUNICACIÓN VERBAL/ORAL**

#### **A. XOGOS CON PALABRAS**

Con este apartado pretendemos que os alumnos e alumnas consideren as palabras como fonte de xogo e que, polo tanto, gocen da súa propia invención, de manipulalas, de rachalas, de cambiarlles as sílabas, as vogais etc.

##### **1. Exercicios con paranomasia**

É unha figura retórica consistente en que as palabras teñen semellanza de forma ou son, pero con distintos significados.

**Exemplo:** festa/sesta; arado/asado; ese home non é un *orador*, senón un *arador*;  
Xoan é un tardón na *mesa* e un abreviador na *misa*

## 2. Exercicios con antítese ou contraste

Consiste en empregar frases ou versos, en cada un dos cales se expresan ideas de significación opostas ou contrarias.

É tan *corto* o tempo  
E tan *longa* a espera  
Que mentres en ti penso  
Ti por min desesperas

Os nenos van polo Sol  
E as nenas pola Lúa  
  
Cando quero chorar non choro  
E ás veces choro sen querer

## 3. Exercicios con anáforas

Repitição intencionada dunha palabra ou dun grupo de palabras ao comezo dun verso.

Tipi tape, tipi tape,  
Tipi tape, tipitón,  
Tipi tape, zapa zapa  
Zapateiro remendón

Todas visten un vestido  
Todas calzan un calzar  
Todas comen a unha mesa  
Todas comían dun pan

## 4. Exercicios baseados en rachar palabras

Consiste en coller unha palabra e rachala pola metade facendo dela dúas.

**Exemplo:** *sapoconcho*: sapo/concho; *paporrubio*: papo/rubio; *marisco*: mar/risco;  
*vermello*: verme/vello

Incluso podemos facer poemas: Onte estivemos no mar  
E corremos un gran risco  
Cando vimos un marisco  
Que saía dando brincos

## 5. Creamos palabras

Este é un exercicio de humor e enxeño consistente en inventar definicións de palabras que en principio non teñen nada que ver coa súa significación orixinal. Trataríase de facer un pouco o que Valle Inclán cos seus esperpentos "deformando a realidade que case non se parece á orixinal".

**Exemplo:**

*Chuvieira*: ¡Milagre! choven vieiras

*Desmaio*: Cando se perde o coñecemento no quinto mes do ano

*Churrasco*: Churro queimado, que dá noxo, intragable e de mal aspecto

(Definicións do *Obradoiro de Lingua Gianni Rodari*)

## 6. Exercicios de sinónimos e antónimos (para aumentar o vocabulario)

Daremos un feixe de palabras ás que haberá que lles buscar sinónimos e antónimos.

## 7. Exercicios con sarcasmo

Figura retórica por antonomasia das regueifas galegas, xa que os elementos diferenciadores, entre outros, das nosas improvisacións en verso son a retranca e o sarcasmo. Sarcasmo ou ironía é expresar burlescamente o contrario do que se quere comunicar, empregando un ton, xesticulación ou palabras que insinúan a interpretación que se debe facer.

**Exemplo:** Merendamos? Si, estou empachado  
Vouche facer un bocadillo de retallos de vento sen pan

## 8. Exercicios con *lémbrome, gústame, non me gusta, teño medo, que me borren...*

Consiste en escribir a partir dunha palabra ou frase significativa.

**Exemplo:** *Gústame* A ensalada, a canela, o queixo  
Os pementos, a pasta de amendoas  
O recendo da herba acabada de cortar  
As rosas, os ponis, as lavandas, o champaña

...

(Recollido no *Obradoiro de lingua Gianni Rodari*)

## 9. Exercicios con sinquise

Desordenamos un texto ou poema de tal xeito que se produce un efecto estraño.

**Exemplo :** Xulio Cortázar di: *A volta ao día en oitenta mundos*, do título orixinal *A volta ao mundo en oitenta días*.

Tratemos nós de darlles unha volta aos distintos títulos de libros ou poemas e fixémonos en que efecto causan. Uns posibles exemplos serían:

**Alicia no país das marabillas:**

As marabillas no país de Alicia

**Se o vello Sinbad volvese ás illas:**

Se as illas volvesen ao vello Sinbad

## 10. Exercicios con desprazamento do adxectivo

Consiste en atribuírle a un adxectivo calidades que non lle son propias. É unha combinación explosiva e estética; están xuntas cousas que nunca o estiveron.

**Exemplo:** Avisade os xazmíns

Coa súa brapura pequena

(Federico García Lorca)

Fagamos o mesmo con estas palabras, aplicándolles calidades que nunca tiveran:

mar, luva, dor, chuvia, infatigable



### 11. Exercicios para buscar rimas

Escollede unha palabra calquera e durante uns cantos minutos buscade outras palabras que rimen con ela.

**Exemplo:** sapo, que rima con: pato, rato, zapato, burato...

Logo imos facendo frases que á súa vez poden dar lugar a un verso: O sapo e mailo rato

Podemos crear un pareado, e incluso un terceto, unha quarteta etc: O sapo e mailo rato/  
Que vivían nun burato/Atoparon un zapato/Onde residía un pato

### 12. Exercicios con *limericks*

Os *limericks* foron creados por Edward Lear, escritor inglés do século XIX. Son poemas breves construídos tomando como modelo a forma métrica da poesía popular inglesa.

Todos os *limericks* repiten sempre a mesma estrutura:

- O primeiro verso contén a indicación do protagonista: Había un velliño de Pisa
- O segundo verso indica a súa calidade: Que non podía tolerar a prisa
- No terceiro e cuarto versos asístese á realización do predicado: Cabalgou ata terra sarda/Ao lombo dunha tartaruga tarda
- No quinto verso aparece un epíteto final, bastante extravagante: Aquel lunático vello de Pisa

(Exemplo tomado de Gianni Rodari)

Copiando esta estrutura e respectando a combinación das rimas (o primeiro, segundo e quinto versos riman entre si; o cuarto rima co terceiro: a,a,b,b,a) nós tamén podemos intentar compoñer un.

### 13. Exercicios con series

As series son moi utilizadas para crear poemas. Podemos aproveitar números, días da semana, meses do ano, as estacións etc. En realidade son poemas de carácter acumulativo.

O luns sae,  
Martes anda  
Mércores chega,  
Xoves talla  
Venres volta  
E sábado entra;  
Aí ven o Xan  
Cun feixe de leña

Un máis dous  
Sonche tres,  
Non me fales  
En francés  
Tres máis dous  
Sonche cinco  
O pallaso  
Deu un brinco  
Sete máis dous  
Sonche nove  
Este barco  
Non se move

## B.XOGOS CON VERSOS E POEMAS

Todos estes exercicios están pensados cun dobre obxectivo: por un lado para ir coñecendo un pouco máis os nosos poetas autóctonos e a súa obra poética; e por outro para ir coñecendo distintas regueifas xa clásicas.

### 1. Dítase un poema en forma de relato narrativo e haberá que reconstruílo en forma de verso

Pódese ver se esa reconstrución coincide coa división estrófica deseñada polo poeta. Con esta actividade logramos, entre outras cousas, exercitar o sentido do ritmo e tomar conciencia da importancia deste en poesía.

### 2. Exercicios con parodia de textos famosos

Mesturar versos ou estrofas duns poemas con outros.

#### Exemplo:

Cando era tempo de inverno,  
Pensaba en donde estarías;  
Cando era tempo de sol,  
Pensaba en donde andarías.  
¡Agora...tan soio penso,  
Meu ben, si me olvidarías!

(Rosalía de Castro: *Follas novas*)

Agora tomo o sol. Pero até agora  
Traballei cincuenta anos sin sosego.  
Comín o pan suando día a día  
Nun labourar arreo.  
Gastei o tempo co xornal dos sábados,  
Pasou a primavera, veu o inverno.  
Dinlle ao patrón a frol do meu esforzo  
I a miña mocidade. Nada teño.

(Celso Emilio Ferreiro: *Longa noite de pedra*)

Mesturando os versos das dúas poesías poderíamos crear unha nova:

Cando era tempo de inverno,  
Pensaba en donde estarías;  
Agora tomo o sol. Pero até  
agora  
Traballei cincuenta anos sin  
sosego.

Cando era tempo de sol,  
Pensaba en donde andarías.  
Comín o pan suando día a día  
Nun labourar arreo.

Gastei o tempo co xornal dos  
sábados,  
Pasou a primavera, veu o  
inverno  
¡Agora... tan soio penso,  
meu ben, se me olvidarías!

Dinlle ao patrón a frol do meu  
esforzo  
I a miña mocidade. Nada teño.

### 3. Exercicios de conversa en verso

Como todas as regueifas son en coplas, sería conveniente acostumarmonos a falar en verso. Para iso nada mellor que ir aos textos clásicos dos séculos XVI e XVII, onde todo o

teatro é en verso. Podemos lelos en alto para así ir afacendo os nosos oídos á rima e ao ritmo.

Esta característica de falar en verso é o que os regueifeiros chaman facer "rezadas".

#### 4. Exercicios de identificacións de rimas

Para ir identificando as diferentes rimas que hai nunha poesía, unha actividade útil é a de marcar as rimas dun poema con diferentes cores. Así resultaranos máis fácil!

**Exemplo:** Teño barco, teño redes,  
Teño sardiñas no **mar**  
Teño unha moza bonita,  
Xa non quero traballar**ar**  
(Copla popular)

Lembra que o dominio deste exercicio é fundamental para a posterior creación de coplas improvisadas.

#### 5. Recitar unha poesía ou quarteta subindo e baixando o ton de voz

Con este exercicio o que conseguimos é, ademais de divertirnos, ver como cambia o poema segundo o ton que empreguemos.

Tamén podemos ler o poema utilizando distintas emocións: chorando, rindo, cantaruxando, expresando sorpresa, dor etc.

Outra variante é recitar fragmentos dun poema moi despacio (ou moi rápido) e con diferentes tonalidades de voz: suave, forte, nun murmurio, rouca. Debe intentarse que se entenda ben.

#### 6. Completando versos

Consistiría en escoller un poema calquera e a continuación comezar a lelo deixando un verso no aire para que algún compañeiro ou compañeira invente oralmente outro verso que rime co lido.

##### Regueifa manipulada

Acórdome deses tempos,  
..... (inventada)  
De cando estiven servindo  
..... (inventada)

Marchei coas vacas de noite  
Dixeron: Vai caladiño.  
E mandáronmas botar  
..... (inventada)

##### Regueifa orixinal

Acórdome deses tempos,  
Cando eu era rapaz,  
De cando estiven servindo  
Alí na costa de Zas.

Marchei coas vacas de noite  
Dixeron: Vai caladiño.  
E mandáronmas botar  
Dentro do herbal dun veciño

Esa é a pura verdade,  
Anque eu son só testigo  
..... (inventada)  
Mandaron o can conmigo

O can púsose a ouvear  
.....(inventada)  
Pensando se era o lobo  
.....(inventada)

Metinme entre unha silveira  
Por ver se alguén me vía  
.....(inventada)  
Mentras non veu vindo o día

Esa é a pura verdade,  
Anque eu son só testigo  
Para que non tivese medo  
Mandaron o can conmigo

O can púsose a ouvear  
Eu tratei de me esconder  
Pensando se era o lobo  
Que me quería comer

Metinme entre unha silveira  
Por ver se alguén me vía  
Alí estiven cheo de medo  
Mentras non veu vindo o día

Regueifa de José González Muíño  
(O atrevido de Grixoa)

## 7. Facer poemas coa estrutura das cantigas medievais

As nosas cantigas medievais son a orixe das regueifas, polo tanto coñecelas e imitalas é fundamental para despois dominar mellor a creación de quartetas. Podemos elixir entre "plaxiar" unha de amigo, de amor ou de escarnio e maldicir.

Como exemplo achegamos un "plaxio" da famosísima cantiga de amigo Ondas do mar de Vigo:

Carballos da terra do Courel,  
Se vistes meu amigo  
Sabedes por onde anda?

Carballos da fraga do Eume  
Se vistes meu cariño  
Sabedes por onde anda?

Se vistes meu amigo  
Ese do que non me esquezo  
Sabedes por onde anda?

Se vistes meu cariño  
Porque só me fai sufrir  
Sabedes por onde anda

## 8. Da palabra ao verso

Trátase de conseguir un conxunto de 16 palabras poéticas ao redor dun tema proposto polo profesor.

Despois duns minutos de reflexión cada alumno ou alumna propondrá por escrito tres palabras: un nome, un adxectivo e un verbo. Sobre o total de palabras propostas, eliminaranse as que na opinión da maioría sexan menos apropiadas, ata conseguir 16 palabras. Copiaranse as palabras seleccionadas e, por parellas, crearán un poema de oito versos (rima asoante ou consoante), que conteña, cada un deses versos, polo menos, unha das 16 palabras elixidas.

## C. XOGOS DE IMPROVISACIÓN

### IMPROVISACIÓN: UNHA ARTE PARA APRENDER?

A regra básica de calquera improvisación en verso é a seguinte: **aínda que non estea escrito, pense como se o estivese escribindo nese momento. Se non pode escribirse, non o diga.**

Durante a improvisación utilízanse diversas técnicas que debemos ter en conta, a saber:

- A. **As técnicas da retórica**, cunha característica moi especial: a rapidez na súa utilización.
- B. **Técnicas poéticas**. Débese compoñer de atrás cara a adiante. A derradeira liña da estrofa é o eixe da construción da copla, é dicir, tense que **pensar antes o final**.
- C. **A maneira de compoñer depende moito do contexto**. Hai que ter en conta o contexto para o que se vai improvisar.

Ademais, ao falarmos de improvisación temos que ter presente que a comunicación non verbal é moi importante para calquera regueifeiro para acentuar a súa menxase ou para facer fincapé, en certo momento, no que está dicindo.

Pasamos de seguido a expoñer distintas actividades que nos poden axudar a improvisar.

#### 1. Utilizar un mesmo tema con diferentes contextos

**Exemplo:** falar sobre o botellón pensando en cada ocasión para ao público ao que nos diriximos: un público adolescente, un público adulto, nunha escola, nunha verbena etc.

#### 2. Xogos con obxectos

Esta técnica consistiría en coller calquera obxecto que teñamos ao noso redor e ir imaxinando que outra cousa podería ser ou que outra función lle poderíamos asignar.

#### 3. Facer actividades de "contos incompletos"

Daríamos unha serie de imaxes, fotos ou palabras (que se poden tirar, estas últimas, do dicionario, abríndoo ao chou, por exemplo), e a partir de aí teríamos que montar un conto ou unha historia entre todos e todas.

#### 4. Facer actividades de *Role Playing*

Fórmanse parellas. Cando se indique, un falará de si mesmo adoptando o papel de alguén que o coñeza bastante ben: a súa nai, o seu pai, o seu mellor amigo ou amiga etc. A continuación o outro fai o mesmo. Repítase a operación pero cambiando de personaxe. Se un antes falou dende a perspectiva da nai, agora farao dende a do mellor amigo.

#### 5. Dende o meu punto de vista

Fórmanse grupos de tres e elíxese un feito para contar que lle ocorrese a alguén do grupo. Por exemplo, unha anécdota graciosa, un accidente, unha operación, a obtención dun premio etc. De seguida distribúense os papeis de protagonista, testemuña (ou observador) e informador.

Cando se indique, nárrese oralmente o suceso ao resto da clase. O protagonista contarao tendo en conta que el é quen viviu a acción, polo que ha de mostrarse emotivamente identificado co que está a relatar, expresando sentimentos e pensamentos que no momento do suceso pasaron pola súa mente. A testemuña ou observador narrará en primeira persoa sen implicarse emotivamente, limitándose a referir os feitos. O informador dará unha visión sumaria do sucedido, relatando en terceira persoa, sen implicarse emotivamente e cunha actitude indiferente.

Pódese facer o mesmo xogo pero esta vez en verso, regueifando.

#### 6. Entre liñas anda o xogo

Convida tres xogadores ao escenario para que representen unha regueifa. Dálles a dous deles dúas regueifas. Os xogadores só recitarán as liñas que correspondan a cadansúas regueifas, e escollerán só frases ou versos que crean convenientes. O terceiro xogador, que non ten regueifa ningunha, deberá compoñer versos que lle dean sentido á peza.

#### 7. Improvisacións con verso de arranque

Damos os primeiros versos e tense que continuar a copla. Por suposto, este verso de arranque pode ser inventado ou tirado dalgunha copla ou regueifa. Tamén se pode facer o exercicio con final forzado.

### D. XOGOS CON RECURSOS LITERARIOS

Unha das cousas máis importantes á hora de improvisar, á parte da arte innata, é dominar e coñecer en profundidade os distintos recursos retóricos, métricos e literarios que existen para poder enriquecer as nosas improvisacións. O dominio no manexo destas técnicas é un dos "trucos" que empregan os grandes improvisadores.

Aquí presentamos distintas actividades que nos poden axudar a dominalos, pero convén repasalos ou recordalos antes cos alumnos e alumnas.

#### 1. Completa estas frases con hipérboles

- Chameite un.....(milleiro de veces)
- Es máis corto ca.....(manga dun chaleco)
- Isto é máis longo ca.....(un día sen pan)
- Es máis basto ca.....(un bocadillo de cascallos)

#### 2. Completa o termo que falta nestas comparacións

- O mel é doce coma.....(o xarope)
- Es tan alto coma.....(o monte da Guía)
- O teu veciño canta coma.....(os anxos)
- O avión é coma un.....(paxaro)
- O pan está duro como.....(unha pedra)

#### 3. Inventa comparacións utilizando diferentes adxectivos

##### BRANCO

**Exemplo:** a neve é branca coma as nubes

Rasgo común: a cor

## DELGADO

**Exemplo:** a súa irmá é máis delgada ca ti

Rasgo común: a forma

### 4. Crea ti outras metáforas co *o*, co *f*, co // etc. fixándote nas letras

*O* é o salvavidas do abecedario

*O f* é a pistola do abecedario

5. Substitúe os puntos suspensivos polos elementos que falten para crear as metáforas:

-As nubes son ..... (algodóns suspendidos no aire)

-Os dentes son ..... (coma teclas de piano)

### 5. Imaxina algo (persoa, animal ou cousa) e pensa en posibles semellanzas con outra cousa. Logo redacta unha frase con cada unha das palabras que che propoño, de xeito que con cada unha crees unha metáfora e unha comparación.

-As agullas dun reloxo

As agullas dun reloxo tan sinaladoras coma o teu ollar

-As landras

Como landras perseguidas por esquíos

## E. CUARTETAS DIDÁCTICAS

Neste apartado expoñemos unha serie de actividades que se corresponden coas actividades de desenvolvemento e que servirán para poñermos en práctica todos os coñecementos adquiridos, mais tamén constitúen a base de actividades posteriores.

Conviría, antes de comezar con elas, repasar cos rapaces e rapazas as nocións básicas sobre a métrica, xa que tanto o dominio do cómputo silábico como o das licenzas métricas son fundamentais para podermos formar quartetas de forma correcta.

Aquí achegamos un cadro da **clasificación das estrofas**

<b>Pareado</b>	Dous versos	Arte maior ou menor	Consoante	AA/aa
<b>Soleá</b>	Tres versos	Arte menor (octosílabos)	Asoante	a-a
<b>Terceto</b>	Tres versos	Arte maior (hendecasílabos)	Consoante	ABA
<b>Copla</b>	<b>Catro versos</b>	<b>Arte menor (octosílabos)</b>	<b>Asoante</b>	<b>-a-a</b>
<b>Seguidilla</b>	Catro versos	Arte menor (heptasílabos e pentasílabos)	Asoante	7- 5a 7- 5a

*Metodoloxía didáctica da improvisación oral en verso*

<b>Cuarteto</b>	Catro versos	Arte maior (hendecasílabos)	Consoante	ABBA
<b>Redondilla</b>	Catro versos	Arte menor (octosílabos)	Consoante	abba
<b>Sirventés</b>	Catro versos	Arte maior (hendecasílabos)	Consoante	ABAB
<b>Cuarteta</b>	Catro versos	Arte menor (octosílabos)	Consoante	abab
<b>Caderna vía</b>	Catro versos	Arte maior (alexandrinos)	Consoante	AAAA
<b>Quinteto</b>	Cinco versos	Arte maior (hendecasílabos)	Consoante	ABABA
<b>Quintilla</b>	Cinco versos	Arte menor (octosílabos)	Consonante	ababa
<b>Lira</b>	Cinco versos	Arte maior e menor (hendecasílabos e heptasílabos)	Consoante	7a 11B 7a 7b 11B
<b>Copla de pé quebrado</b>	Seis versos	Arte menor (octosílabos e tetrasílabos)	Consoante	8a 8b 4c 8a 8b 4c
<b>Oitava real</b>	Oito versos	Arte maior (hendecasílabos)	Consoante	ABABABCC
<b>Décima</b>	Dez versos	Arte menor (octosílabos)	Consoante	abbaaccddc
<b>Soneto</b>	Catorce versos	Arte maior (hendecasílabos)	Consoante	ABBAABBACDCDCD
<b>Romance</b>	Serie ilimitada	Arte menor (octosílabos)	Asoante	-a -a -a -a -a ...
<b>Silva e estancia</b>	Serie ilimitada	Arte maior e menor (heptasílabos e hendecasílabos)	Consoante	



O que pretendemos con estes exercicios é que despois de facer as anteriores actividades propostas e xa estando metidos de cheo no mundo da poesía e collido o gusto por ela, poñamos en práctica todos coñecementos adquiridos ata mo momento pero dunha maneira didáctica e amena, para que se nos faga o máis livián posible.

Podemos escoller calquera regueifa, empezando polas máis doadas, para ir subindo en dificultade. Un posible exemplo sería:

Os filliños dos ferreiros  
Pequeniños coma ratos  
Andan polas corredoiras  
Arrastrados coma sapos

### 1. a) A primeira parte deste exercicio consiste no seguinte:

- Le a regueifa
- Trata de memorizala
- Marca e conta as sílabas facendo as sinalefas correspondentes
- Subliña as rimas (ou pintaas de cores; resulta máis divertido)
- Trata de atopar o ritmo dos versos, é dicir, os acentos rítmicos
- Escribe un breve resumo en prosa do poema

b) Agora podemos eliminar algunha das palabras (por exemplo *os filliños*) e substituíla por outra que quede ben

c) Eliminamos algunha rima (por exemplo, *ratos*) e substituímos de novo por outra

d) Dando as rimas (*ratos e sapos*), completamos a estrofa

### 2. Coplas en cartolina

Outro método para traballar a métrica e a rima dunha forma divertida e diferente ao que estamos acostumados é a seguinte: copiamos cada verso dunha quarteta en tiras de cartolina de diferentes cores (*sentence strips*) para sinalar así as rimas.

Traballamos en parellas e cada parella sen verso intenta armar as tiras nunha estrofa, guiándose polo patrón de rimas e o sentido do poema. Coa estrutura baixo control empezamos un estudo máis concentrado sobre a silabación, facendo fincapé nos ditongos, hiatos e sinalefas.

Para isto propoño un dos poemas máis coñecidos de Rosalía, "Negra sombra", pero podémolo facer con coplas populares.

### 3. Completar a regueifa

Suprimimos algunhas sílabas dunha regueifa. Tense que completar pero seguindo tres condicións:

- hai que manter a rima, marcada cunha letra determinada;
- todos os versos teñen que ter oito sílabas;
- emprega a túa imaxinación.

**Regueifa orixinal:**

Ten a Santa Margarita  
Unha fonte con dous canos  
A onde se van a curar  
Todos os males estraños

**A túa versión:**

a Ten a - - - - -  
b - - - - con - - -  
a - - - - - curar  
b todos - - - - -

**4. Facer análises métricas de cancións coñecidas**

Como remate destes exercicios de busca do ritmo, da métrica etc, e para que a aprendizaxe sexa máis significativa, podemos traballar cunha canción ben coñecida por todos os rapaces e rapazas e adecuada ao seu nivel. A canción popular "A saia de Carolina!" do grupo Fuxan os Ventos pode ser unha boa opción.

O que pretendemos é que se familiaricen cos conceptos básicos da métrica e que o pasen ben coa análise dos procedementos que permiten que un texto poético teña ritmo.

**Desenvolvemento** (é recomendable facer o exercicio en varias sesións)

Primeira sesión

Entregámoslles a letra da canción e facemos unha lectura comprensiva dela. Logo analizamos a través de distintas actividades cales son os mecanismos que fan que a canción teña ritmo:

**A rima:**

Pedímolles que se fixen na palabra final de cada liña e que observen e subliñen nunha mesma cor as terminacións de palabras similares noutros versos:

A saia de Carolina  
Ten un lagarto pintado  
Cando a Carolina baila  
O lagarto dálle ó rabo  
.....

Despois terán que ver se as coincidencias se daban só en vogais ou tamén en consoantes.

Segunda sesión

Esta segunda sesión centraríase na medida dos versos.

**O cómputo silábico:** a medida dos versos.

Lembramos primeiro os conceptos (sinalefa, hiato, diéreses, sinéreses, subtracción ou engado dunha sílaba en función da última palabra, tipos de verso segundo o seu número etc.).

Logo das explicacións fixamos o cómputo das sílabas de cada verso:

Verso	Número de sílabas
A saia de Carolina	8
Ten un lagarto pintado	8
Cando a Carolina baila	8
O lagarto dálle ó rabo	8

Corrixida a medición dos verso podemos escoitar a canción, pero xa dunha forma máis activa: que marquen en cada verso as sílabas que soan máis.

Tras isto explicamos os acentos rítmicos dos verso.

aSAiadeCARoLIIna  
TENunlaGARTopinTAdo  
CANdocaroLIInaBAila  
OlaGARtoDÁlleóRABo

Identificamos as sílabas con ton baixo (o) e as de ton alto (Ó)

a(o) SA(Ó) ia(o) de(o) CA(Ó)ro(o) LI(Ó)na(o)  
TEN(Ó) un(o)la(o)GAR(Ó)to(o) pin(o)TA(Ó)do(o)  
CAN(Ó)do(o)CA (Ó)ro(o)LI(Ó)na(o)BAI(Ó)la(o)  
O(Ó)la(o)GAR(Ó)to(o)DÁ(Ó)lleó(o)RA(Ó)bo(o)

oÓooÓoÓo  
ÓooÓooÓo  
ÓoÓoÓoÓo  
ÓoÓoÓoÓo

Rematamos facendo a análise métrica de regueifas ou de textos poéticos, en xeral.

### Terceira sesión

Xa para finalizar corriximos a medida das regueifas ou dos textos poéticos propostos na anterior sesión.

Incidimos en que tanto na poesía como na música o ritmo conséguese de xeito similar: mediante a repetición de rimas, acentos e un número similar de sílabas nos versos.

### Cuarta sesión

Nesta última sesión será na que máis se divertirán, pois deixamos que elixan algunhas das súas cancións favoritas e que fagan a súa análise métrica.

## Conclusión

Con esta analogía entre métrica e música preténdese achegarlle dunha forma o máis amena posible a métrica ao alumnado. Así, conséguese, en primeiro lugar, unha gran motivación (a música sempre interesa) e facilítase o salto do coñecido previamente á creación de novos esquemas de coñecemento (do ritmo musical ao ritmo da linguaxe poética). En segundo lugar, logrouse unha maior comprensión e cosolidación de conceptos específicos (hiatos, sinalefas etc.).

Xa podemos pasar a pasar á fase máis difícil, a da improvisación. Para iso podemos ver o apartado seguinte de **Creación de quartetas**, que funcionaría como complemento deste.

## F. CREACIÓN DE CUARTETAS

Chegamos ao derradeiro paso: a construción das nosas propias improvisacións. Cómpre dicir que a estrutura que seguiremos para este punto final da metodoloxía baséase nos obradoiros que están impartindo nas escolas de regueifeiros (en concreto refírome a Pinto de Herbón e Luís o Caruncho) e que lles está dando moi bo resultado, posto que en poucas sesións conseguen que os rapaces e rapazas sexan capaces de facer coplas improvisadas, ou polo menos de intentalo.

Dividiremos o apartado en dúas partes. Na primeira, os exercicios poderán facerse por escrito, pero na segunda intentaremos que todo sexa improvisado, sen escribir as coplas no papel.

O noso obxectivo será que ao final poidan improvisar coplas, aínda que o fagan por escrito. A controversia é fariña doutro costall!

### PRIMEIRA PARTE

Seguiremos unha serie de pasos, primeiro de forma colectiva e logo xa de forma individual

#### 1. Temos en mente o ritmo do verso:

**TARA RIRO RIRO RIRO**

**TARA RIRO RIRO RARO**

Este primeiro paso é fundamental, xa que nos axuda moito á hora de compoñer quartetas e de, posteriormente, improvisalas. Sen termos o ritmo na mente é moito máis difícil que cadre a métrica, xa que o esquema rítmico nos dá tamén a métrica. **A melodía é pois unha das cousas máis importantes para improvisar.** Quen improvisa poesía ten sempre o esquema rítmico presente.

Antes de nada é preciso que practiquemos este ritmo sen poñerlle aínda letra.

## 2. Procuero a rima

Sabemos que riman os pares e quedan soltos os impares e que son versos octosílabos.

Para isto podemos partir dun exercicio moi sinxelo:

-Collo dúas palabras ao chou que rimen, por exemplo: lume-fume

1 ..... -  
2 .....lume  
3 ..... -  
4 .....fume

-Aplícolle o ritmo do verso:

1 TARA RIRO RIRO RIRO  
2 TARA RIRO RIRO LUME  
3 TARA RIRO RIRO RIRO  
4 TARA RIRO RIRO FUME

Pódenos saír algo coma isto<sup>6</sup>:

Mira para aquela casa -8  
Mira como bota lume a8  
Como teña alguén dentro -8  
Vai saír cheirando a fume a8

Non nos debemos esquecer de ter en conta as licenzas métricas, neste caso hai unha sinalefa no cuarto verso.

Como vemos, así é moito máis doado facer quartetas, pois a cada golpe rítmico correspóndelle unha sílaba.

Unha vez que xa temos dominado o esquema rítmico e as rimas e traballamos de forma colectiva, podemos pasar a facer unha serie de exercicios que aumenten a dificultade da improvisación, pero xa de **forma individual**:

A) Damos unha rima e teñen que facer unha quarteta

B) Damos tres palabras e teñen que incluílas forzosamente na quarteta

3. Damos o verso de arranque (pode ser inventado ou pertencer a unha regueifa)

Exemplo: 1. Miña terra, miña terra<sup>7</sup>

2. - - - - -

3. - - - - -

4. - - - - -

4. Damos un pé forzado, é dicir, o último verso da quarteta (tamén pode ser inventado ou tirado dalgunha regueifa)

Exemplo: 1 - - - - -

2 - - - - -

3 - - - - -

4 Na terra de Bergantiños<sup>8</sup>

<sup>6</sup> Todas as quartetas que aparecen nos diversos exemplos foron creadas polo alumnado do instituto Castelao de Vigo nun obradoiro sobre regueifas impartido por Pinto e Caruncho.

<sup>7</sup> Este verso de arranque está tirado dunha regueifa de Fermín Calvo.

<sup>8</sup> O mesmo caso ca o anterior.

A experiencia dos distintos obradoiros dinos que o que máis lles custa é crearen unha quarteta cando lles proporcionamos o verso de arranque ou pé forzado (sobre todo este último). Mentres que se lles damos a rima, élles moito máis fácil facela.

### 5. Enlazamos quarteta tras quarteta

Último paso desta primeira parte: ser capaz de enlazar unha quarteta tras outra, cousa que, como é natural, xa lles custa máis.

Primeiro, de novo, farémolo de forma colectiva, e despois de forma individual, intentando manter sempre certa coherencia no contido.

Ás veces ocorre que o improvisador pode quedar en branco, pero para iso emprega certos recursos ou "trucos" que lle facilitan a improvisación. Un deles é o emprego do leixaprén e do retrouso<sup>9</sup>. Así, o último verso da nosa quarteta será utilizado como o primeiro da seguinte. Que conseguimos con iso? entre outras cousas gañar tempo para pensar o verso seguinte.

**Exemplo:** hoxe é un día aburrido  
Non hai nada que facer  
Teño que ir ata o parque  
**Buscando algo de pracer**

**Buscando algo de pracer**  
Atopei o meu veciño  
Caiuse do seu bambán  
E rompeu o seu fuciño

É importante recordar que canto mellor improvisador se sexa menos se botará man destes recursos e máis uso de palabras polisémicas fará, para así acentuar o dobre sentido, a ironía, a retranca... que, como sabemos, é a esencia da regueifa.

Para escoitar todo isto e facernos unha idea máis exacta do ritmo podemos visitar unha serie de páxinas web que conteñen gravacións de distintos obradoiros. Entre elas está:

◀ **Estrutura e ritmo da regueifa en:**

<http://www.youtube.com/watch?=-ZKqBPU4K16Y>

## SEGUNDA PARTE

Nesta segunda parte intentaremos facer quartetas, pero xa non escribíndoas previamente, senón de forma mental e individualmente; para iso:

<sup>9</sup> Retrouso é (en certas composicións poéticas) o conxunto de versos ou verso que se repite despois de cada unha das estrofas, nun ton diferente. Nos romances o retrouso é o primeiro verso.



4 - - - - -  
2 - - - - -  
3 - - - - -  
4 TODOS SOMOS REGUEIFEIROS  
1 - - - - -

### 7. Pedímoslles que nos fagan unha copla de presentación

Nela deben presentarse dicindo o seu nome e algo referente sobre eles.

E para facilitar, ao principio e ata que collan soltura, podémoslles dar o verso de arranque:

1 MOI BOS DÍAS MEUS AMIGOS  
2 - - - - -  
3 - - - - -  
4 - - - - -

A partir de aquí, e tendo estes exercicios máis ou menos dominados, podemos facer moitos máis aplicándoos á creación improvisada. Aquí presentamos algúns:

### 8. Un alumno ou alumna deberá improvisar cometendo expresamente erros de métrica. Os demais, entre todos, terán que detectar eses erros e corrixilos

### 9. Actividade de compendio de todo o anterior

Pensa nunha situación que te chame a atención na cidade ou vila en que vivas. Elixe unha música de moda e adáptaa cambiando a letra orixinal polo que opines sobre aquela situación. Busca o estilo que xulgues máis conveniente. Lembra que podes empregar o esquema rítmico que vimos utilizando ata agora e comparar as dúas versións.

Tamén podes traballar en parella, como se fose un diálogo ou controversia.

A música, o ritmo e a métrica serviránche para ir desenvolvendo a túa versión.

Ao final podes analizar o que escribiches dende o punto de vista da rima, da métrica (cómputo silábico) etc.

Foi bo o resultado? Se vos nimades podedes cantar as versións en público.

Como exemplo de todo o anterior achego unhas regueifas creadas no CEIP nun obradoiro de regueifas que se levou a cabo no Nadal de 2009

Bos días teñan vostedes,  
imos a escomenzar  
esta pequena regueifa  
pa celebrar o Nadal.

Pa celebrar o Nadal

Pra sacar eu boas notas  
convertinme en regueifeiro  
pa que me suban a paga  
alá no mes de xaneiro.

A profesora é moi mala



no cole meus amiguiños  
temos que actuar moi ben  
pra despois irmos de viños.

De viños meus compañeiros  
nós non podemos ire  
pero unha coca-cola  
non no la van impedir.

Da bebida xa falamos  
agora vén o turrón  
deixa de comer ti tanto  
que te van chamar lambón.

É mellor comer turrón  
para encher a barriga  
despois desa mariscada  
que cociñou miña tía

A lotería é mañá,  
o vinte e dous de decembro,  
esperemos que nos toque  
pra termos os petos cheos.

Os cartiños fannos falla  
pa que teñamos regalos  
o problema é a crise  
que non nos deixa pagalos

por iso me suspendeu  
hai que traballar moito  
para comer o fideu.

O fideu queridos nenos  
é moi malo de gañare  
agora que tedes tempo  
por favoriño estudade.

Chea está a mochila  
de boas e malas notas  
esperamos melloralas  
recitando estas coplas.

Pensádeo ben veciños  
esto non é para rir  
no medio de tanta festa  
alguén lle toca sufrir.

Con Xosé e mais María,  
o neno Xesús na cuna  
fixemos esta regueifa  
todos mirando pa Lúa.

Agora xa rematamos,  
e o 2009 tamén  
preparádevos para o ano  
que se chama 2010

#### 4. QUEREMOS SABER MÁIS

Despois de todo o visto anteriormente ao mellor collémoslle o gusto e queremos saber un pouquiño máis sobre os regueifeiros (sobre os que están en activo e sobre os que se converteron xa nun clásico do noso patrimonio cultural); así como sobre a literatura e tradicións orais.

Para iso deixo aquí unha serie de propostas en forma máis ben lúdica que nos axudarán a coñecer un pouco mellor o noso patrimonio inmaterial, porque... queremos saber máis!

##### Quen é quen?

Este xogo consiste na proposta de varias actividades lúdicas para afondar un pouco máis no mundo das regueifas:

1. Dispoñer os alumnos en grupos.
2. Xogar ao famoso xogo de Quen é quen?, pero con fotos de regueifeiros.
3. Cada grupo deberá elixir un regueifeiro e procurar información sobre eles<sup>10</sup>.
4. Elaborar un cómic o un *collage* coa información recompilada e expoñelo na clase.

##### Debuxando un regueifeiro

1. Pedímoslles aos alumnos que debuxen, por grupos, a silueta dun regueifeiro. Non a dun regueifeiro concreto, senón a dun xenérico, para ver a idea que teñen de que é un regueifeiro.
2. Dentro da silueta escribiremos as calidades ou características que creamos que debe ter un bo regueifeiro.
3. Facemos unha posta en común de todos os debuxos, reparamos nas características que se repetiron máis e reflexionamos sobre elas.
4. Por último, debuxarán unha nova silueta onde se escriban as características máis salientables de todas as anteriores.

##### Quen cho contou?

1. Preguntémoslles aos nosos maiores sobre coplas e regueifas que lembren.
2. Fagamos con elas un caderniño. Así axudamos a que non se perdan.
3. Completemos unha ficha con cada recollida. En cada ficha anotaremos:
  1. Lugar e data de recollida
  2. Datos do informante: nome e apelidos etc.
  3. Datos da peza:
    - Título
    - Clasificación
    - Etc.
  4. Transición

---

<sup>10</sup> Pódese consultar a páxina web [regueifa.org](http://regueifa.org), onde hai información dos regueifeiros que aínda están en activo e dos históricos.

ANEXO de Queremos saber máis...

Cartas para o xogo de Quen é quen?





## 5. CONCLUSIONES

Paréceme axeitado recordar a seguinte frase: **"Unha tradición, para que exista ten que ser usada e se é usada, entón é susceptible de cambio."** Dito isto, é evidente que os regueifeiros de hoxe non regueifan da mesma maneira que antes, nin mellor nin peor, só diferente, nin os lugares onde se regueifaba son os mesmos. Os tempos mudaron, o público ao que van dirixidas é máis universal e con outras preocupacións. Ademais, na actualidade as regueifas están concibidas como un espectáculo, e como tal se deben entender, de aí que nas actuacións se faga unha certa teatralización. Iso non é malo, sempre que manteñan a súa esencia primixenia, é dicir, teñen que ter o mesmo contido, aínda que o continente sexa lixeiramente distinto.

De non ser así, corremos o perigo de delimitar a literatura oral como "tradicional", non atendendo ou atendendo moi pouco a "neoliteratura oral", os seus procesos de reinvencción (televisivos, de espectacularización, de mercantilización etc.), os seus procesos de recreación (educativa, institucional etc.), o que pode levarnos a perder coñecemento da "nova literatura oral" e dos seus valores sociais. Ademais, moitas veces entendemos este tipo de literatura como algo rural e preindustrial, e pouco innovador e moderno, cousa que non é certa. De aí a necesidade de incrementar este tipo de traballos como o que aquí conclúo, para adaptarse aos cambios que necesariamente sofre todo tipo de tradición que quere sobrevivir.

En canto á dinamización desta literatura oral, podería levarse a cabo combinando un ámbito máis **formal** (con obradoiros en escolas), con outro **non formal**, que creo que sería o máis axeitado, xa que a desligaríamos da formalidade do ámbito escolar e a levaríamos a un mundo máis ligado á educación non formal: ludotecas, bibliotecas infantís-xuvenís, museos, asociacións culturais, asociacións de veciños, futuras escolas de regueifeiros etc.

De todos os xeitos, a literatura oral segue brillando pola ausencia nos currículos académicos. A regueifa debería estar incluída en todas as escolas das nosas comarcas como estilo literario de análises e para a realización de exercicios prácticos que fixesen que os nenos falasen e recollesen dos seus avós cantigas antigas para nunca se esqueceren. Contamos con algunha que outra experiencia de colexios, como o IES de Fene co seu blog *O segrel do Penedo*, pero cómpre que estas iniciativas se multipliquen.

Como di Carlos Alonso (nun artigo publicado en *Galicia Hoxe*), a "regueifa si ten futuro, porque:

- ten un gran potencial educador;
- é normalizadora do idioma;
- ten un custe ridículo;
- ten gran forza como espectáculo;
- está dentro dun fenómeno universal: repentismo, bertsolarismo etc.;
- conecta con outros fenómenos urbanos: rap.

## 6. ANEXOS

### ALGUNHAS REGUEIFAS E UN DESAFÍO

#### Historia dos panadeiros

Poñan atención señores,  
Ó que fixo un regueifeiro;  
Unha historia tan bonita  
Para todos os panadeiros

Os panadeiros hoxe en día  
Pónense podres de ricos,  
Traballan todos os domingos.

Eu xa dixen decote  
Eso é muito traballar,  
Non ter un día no ano  
Siquera para descansar

Nese caso ten razón .  
Fan mui ben ó traballar  
Deixan os fillos máis ricos  
Para que poidan disfrutar.

Levántanse aló de nuite,  
Ás dúas da madrugada,  
Para amasar o pan  
E facer as empanadas.

Cando dcocoen os domingos  
Sei como solen facer  
Un marcha medio cocido,  
Outro vai sin cocer.

Os panadeiros agora  
Póñense podres de ricos;  
Para que lles dea máis peso  
Xa lles botan millo ó trigo

E cando van a pesar  
A cousa, como digo  
Pésanlle 600 gramos,  
Xa dicen que vai un kilo,

Panadeiros de Galicia,  
Madrugar pola mañán,  
Non vos quededes dormidos  
Non deixar queimar o pan.

O pan algúns panadeiros  
Non o deixan levedar;  
Ó que pasan dúas horas  
Nadie os pole rilar.

O que pasa coas barras  
Eu a xente ben a sinto;  
Un véndeas a cincuenta  
Outros, a setenta e cinco.

Os que cocen pan de trigo  
Anque boten cinco días,  
As codias están algo duras,  
Cómenas con alegría.

Oficio de panadeiro  
É mui bo de aprender  
Amasar e remasar  
Todo sacar e meter.

O sacar é o que menos,  
O máis malo é meter;  
Se a fariña está dura,  
Ben pode retroceder.

No inverno e máis no vran  
Xa non hai cousa máis dura,  
Pero que chova, que neve,  
Sempre a mesma calentura.

Non pasarei máis traballos.  
Adiós todos panadeiros,  
Un saludo cordial  
Deste voso regueifeiro

(Fermín Calvo Gómez)

### **Regueifa de Severo Rodríguez**

Pido disculpas a todos,  
Se nalgo vos ofendín;  
Quero que despois de morto  
Vos acordedes de min.

Cando se me acabe esto  
E pase pró outro lado  
Acordareime de todos,  
Que ben o teño pasado

Eu nacín noutra parroquia  
Vin para Borneiro mui novo;  
Traballo non me faltou:  
Tiven que facer de todo.

A parroquia de Borneiro  
Eu quérolle de verdá  
Nela criei os meus fillos  
Todo cheo de ansiedá.

Téño pasado moi ben  
Na carballeira de Baio;  
Cantando cos meus amigos  
sentíame relaxado.

Cando iba á festa a Sinde  
Á casa de miña nai  
Eu cantáballe para todos  
Cousa que agora non hai.

(Severo Rodríguez Martínez)

### **Regueifa de Manuel Varela**

Os filliños do ferreiro,  
Pequeniños coma ratos,  
Andan polas corredeiras  
Arrastrados coma sapos.

Os filliños do ferreiro  
Déixante sen máis coidado,  
Que foron feitos na cama  
E os teus tras dos valados.

Ferreiro de maldición,  
Ferreiro de madición;  
Te-los martelos de nabo  
E a zafra do melón

Agora que vén ovran  
Vén o tempo dos abrigos:  
Pico eu tan ben a fouciña  
Coma o melro pica os figos.

(Manuel Varela Fondo)

### **Desafío entre Calviño de Tallo e Generosa do Saleiro**

#### ***Calviño de Tallo:***

O amor da costureira  
Era de papel i mollouse;  
Agora costureiriña  
O teu amor acabouse

***Generosa do Saleiro:***

O lugar de Riotorto  
Heo de pasar con día;  
O que o pase de noite  
Ten que levar compañía

***Calviño:***

Viva Cores e Bardaio  
Riotorto e A Aurada  
E santa Crus e Os Torrados  
O Castr'e maila Campara

***Generosa:***

Unha noite me colleche  
Nunha fiada de lan  
Unha noite me colleron  
Outra non me colleranhe

***Calviño:***

Unha noite me colleron,  
Outra non me colleranhe,  
Unha noite me colleron  
Nunha fiada de lanhe

***Generosa***

Pasantín é o correo  
O Castrón o secretario  
Sólo lle falta unha albarda  
Pra ser burros de diario



## 7. BIBLIOGRAFÍA

ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, Xosé Manuel (2008): *Cantares de Cego. Anónimos*. Vigo: Galaxia.

BEDORE, Bob (2008): *101 juegos de improvisación para niños y adultos*. Madrid: Neo Person Ediciones.

BLANCO, Domingo (1992): *A poesía popular en Galicia 1745-1885*. Vigo: Xerais.

BLANCO, Domingo (2009): *A regueifa en Cabana de Bergantiños*. Cabana de Bergantiños: Globalgrafic.

BLANCO, Domingo: "Del desafío improvisado a la canción tradicional en el noroeste peninsular", *Lyra Mínima Oral: los géneros breves de la literatura tradicional. Actas del Congreso internacional celebrado en la Universidad de Alcalá*. Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá.

CALVO GÓMEZ, Fermín (2007): *Recordos dun regueifeiro*. Cabana de Bergantiños: Globalgrafic.

CARPENTE ALLEGUE, Bernardo (coord.) (2004): *Obradoiro de lingua Gianni Rodari: Gramática insubordinada*. Vigo: Xerais.

CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS (2008): *Regueifa dunha vida. José González Muíño (O atrevido de Gríxo)*. A Coruña: Globalgrafic.

CRIADO, Pepe e DURÁN Enrique (2005): *Juglares del mundo 2005. Una fiesta multicolor de música antigua en Argentina y Uruguay*.

GARCÍA TEIJEIRO, Antonio (2009): *A poesía necesaria. Lectura e creación poética dentro da aula*. Vigo: Galaxia.

GARZIA, Joxerra e outros (2001): *El arte del bertsolarismo. Realidad y claves de la improvisación oral vasca*. Donostia: Bertsolari Elkarte.

GUTIÉRREZ CARBAJO, Francisco (1990): *La copla flamenca y la lírica de tipo popular*. Madrid: Cinterco.

JARES R., Jesús (1989): *Técnicas e xogos cooperativos para todas as idades*. A Coruña: Edicións Vía Láctea.

*Revista Galega de Educación*, núm. 41 (2008). Nova Escola Galega.

*Revista Raigame*, núm. 32 (2010). Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo.

RODARI, Gianni (2009): *Gramática de la fantasía*. Barcelona: Planeta.

UNIVERSIDAD NACIONAL DE EDUCACIÓN A DISTANCIA (2005): *Tendencias historiográficas actuales*. Madrid: Librería UNED.

USC, INSTITUTO DA LINGUA GALEGA E CONSELLO DA CULTURA GALEGA (2008): *Perspectiva sobre a oralidade*. Santiago de Compostela.

VARELA, Xosé Manuel (2009): *O regueifeiro Celestino Álvarez Castro "Celestino"*. Malpica de Bergantiños: Globalgrafic.

XUNTA DE GALICIA (2006): *Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega*.

#### **PÁXINAS WEB**

<http://www.aregueifa.net>

<http://www.orellapendella.org>

<http://www.auladeletras.net>

<http://www.materialesdelengua.org>

<http://www.libreriapedagogica.com>

<http://www.poesiavirtual.com>

<http://www.educa.madrid.org>

<http://www.vello.vieiros.com/regueifas.html>

<http://www.wapedia.mobi/es/Regueifa>

<http://www.improvisadores.ing.com>

<http://www.regueifa.org>